

DECLARACIÓN RESPONSABLE

ALUMNA/ ALUMNO MAIOR DE IDADE

O alumnado durante a súa formación no CIFP Manuel Antonio estará en contacto/ exposto a produtos químicos perigosos, os cales poden presentar riscos para o ser humano ou para o ambiente debido as súas características físico-químicas, toxicolóxicas e ecotoxicolóxicas. Os efectos nocivos poden dar lugar dende irritación da pel, mucosas dos ollos e das vías respiratorias, ata efectos anestésicos, asfixiantes, canceríxenos e mutaxénicos, entre outros.

É **obligatorio** que o alumnado siga e respecte as seguintes normas xerais de seguridade:¹

- **Hábitos hixiénicos**

1. Lavar as mans é unha práctica fundamental para evitar exposicións a substancias tóxicas.

Deberanse lavar as mans:

—Sempre que houbese contacto con algún produto químico.

—Despois de quitar a roupa protectora sucia/contaminada.

— Antes de saír do laboratorio (aínda empregando luvas).

2. Utilizar bata durante o traballo. Será longa, traspasará dun lado a outro para protexer ben o peito e o abdome, con mangas longas cinguidas aos pulsos e elaborada con algodón.

3. Quitar sempre a bata e os guantes antes de saír do laboratorio.

4. Non abandonar obxectos persoais nas mesas ou nas superficies de traballo.

5. Non inxerir alimentos no laboratorio nin bebida.

6. Non gardar alimentos nin bebidas nos frigoríficos dos laboratorios.

7. Nunca se empregarán recipientes de laboratorio para conter bebidas ou alimentos, nin se colocarán produtos químicos en recipientes de produtos alimenticios.

8. As feridas (especialmente nas mans) estarán cubertas, aínda empregando luvas para o traballo.

- **Outros hábitos persoais**

1. O calzado deberá cubrir o pé, estar axustado e ter sola antiesvaradía.

2. Evitarase o uso de lentes de contacto.

¹BOAS PRÁCTICAS EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS. MANUAL DE SEGURIDADE NO LABORATORIO, Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), 2017: http://issga.xunta.gal/export/sites/default/recursos/descargas/Actividade/GuiaLaboratorioGalego2017_2_enWeb.pdf

3. Emprego de lentes de seguridade (graduadas ou que permitan usar as correctoras por debaixo).
4. Evitarase levar pantalón curto, saias curtas, sandalias, zapatos abertos etc.
5. Non levar piercings (especialmente na lingua e nos beizos) debido a unha maior susceptibilidade a infeccións localizadas.
6. Levar recollidos os cabelos (pola facilidade de engancharse nos aparellos mecánicos)
7. Non levar aneis, cadeas ou colares.
8. Non levar pulseiras, colgantes ou mangas anchas que poidan engancharse nas montaxes.
9. Utilizar luvas sempre que se manexen produtos corrosivos ou tóxicos por vía dérmica.

- **Hábitos de traballo**

1. O laboratorio debe manterse ordenado e limpo.
2. Deben recollese todos os vertidos por pequenos que sexan.
3. Antes da súa utilización, deben comprobarse sempre os produtos e os materiais e, empregaranse só os que estean en bo estado.
4. Nunca se deberá traballar só no laboratorio.
5. Deberán utilizarse en todo momento portatubos e soportes.
6. Nunca levar tubos de ensaio nin produtos nos petos.
7. Quentar os tubos de ensaio utilizando pinzas e, pola parte máis alta, alí onde chegue o líquido, inclinar o tubo e nunca polo fondo deste; de non facelo así, podería proxectarse violentamente.
8. Terase moito coidado de non dirixir a boca do tubo de ensaio cara á nosa cara nin á dos nosos compañeiros de laboratorio.
9. Non tocar nunca coas mans nin probar os produtos químicos.
10. Nunca pipetear coa boca.
11. En relación co material de vidro:
 - ✓ Examinar o estado de todas as pezas antes de comezar o traballo, de maneira que se substitúan todas aquelas que presenten algún defecto.
 - ✓ Prever un colector no laboratorio exclusivo para as pezas de vidro.
 - ✓ Calquera anomalía que sexa detectada no material débese comunicar a/o profesora/profesor.
 - ✓ Cando se produzan roturas, evitarase recoller os anacos coas mans e empregaranse para isto elementos como vasioiras.

- ✓ Se a rotura de materiais cortantes foi no vertedoiro e fose necesario coller os anacos directamente coas mans, será obrigatorio o emprego de luvas de protección mecánica fronte a posibles cortes.
- ✓ Desbotar o material que sufrise un golpe de certa consistencia, aínda que non se observen gretas ou fracturas.
- ✓ Non sometelo a cambios bruscos de temperatura. Por exemplo, non quentar directamente o vidro na chama, deberase interpoñer un material capaz de difundir a calor (por exemplo, unha reixa metálica).
- ✓ Non se quentarán líquidos en recipientes de vidro non resistentes á calor, como probetas, matraces aforados, frascos etc.
- ✓ Utilizar sempre que sexa posible tapóns de plástico.

12. En canto a identificación dos compostos químicos

- ✓ Lerase sempre a etiqueta, e consultarse a ficha de datos de seguridade dos produtos antes da súa utilización, previa consulta ao responsable da práctica (neste caso a docente), cando sexa preciso.
- ✓ Non utilizar nunca ningún reactivo que non teña a etiqueta do frasco.
- ✓ Todos os produtos químicos que se utilizan no laboratorio deberán indicar de forma clara os nomes químicos dos compoñentes perigosos, levarán os pictogramas de perigo, palabras de advertencia, indicacións de perigo (frases H) e consellos de prudencia (frases P) que lle correspondan ao preparado.
- ✓ Débense de etiquetar adecuadamente os frascos e recipientes aos que se transvasara algún produto ou onde se fixeran mesturas, identificando o seu contido, a quen pertence, e información sobre a súa perigosidade (reproducir etiquetaxe orixinal), ademais deberá de levar a data na que se fixo.
- ✓ Non reutilizar envases para outros produtos sen quitar a etiqueta orixinal.
- ✓ Non sobrepoñer etiquetas.

13. Asegurarse do arrefriamento dos materiais antes de botarlles as mans para collelos.

14. Cando se dilúa un ácido, nunca se engade a auga sobre o ácido, senón ao contrario, engádese o ácido sobre a auga, pouco e pouco e con axitación.

15. Ao terminar unha tarefa ou operación: a mesa debe quedar limpa, os reactivos empregados ordenados, os equipos desenchufados (se non hai orde contraria), as chaves da auga e do gas pechadas.

16. Nos procedementos evítanse as improvisacións.

17. No obradoiro de Mantemento Electromecánico non se conectará ningún equipo a 230 V, nin se poñerá en tensión ningún cable sen a supervisión do profesor.

18. O mesmo se aplica para a posta en carga (presión) na montaxe de circuítos pneumáticos e electro-pneumáticos, que se realizarán sempre sen presión no sistema, co compresor apagado e a válvula de purga aberta.

Situacións excepcionais.

1. Avisar a/o profesora/profesor das prácticas do coñecemento dalgunha alerxia ou hipersensibilidade que presente cara algún produto químico.
2. En caso de accidente, derramo ou exposición accidental a algún produto químico perigoso, avisar inmediatamente a/o profesora/profesor das prácticas.
3. De atoparse mal ou de presentar un lixeiro malestar durante a realización da práctica (ou incluso se os síntomas aparecen uns días despois), avisar inmediatamente a/o profesora/profesor das prácticas.

➤ NO CASO DE DESCUBRIR UN INCENDIO:

- Dar a alarma de contado. Avisar ao responsable da práctica.
- Manter a calma, non berrar.
- Seguir as instrucións dadas polo responsable da práctica e polo persoal dos equipos de emerxencia.
- Non se expoñer, baixo ningunha circunstancia, a un perigo por propia iniciativa.
- Apagar os lumes pequenos tapándoos, **sen utilizar auga**.
- Se prende lume na roupa, utilizar a ducha de emerxencia ou a manta de seguridade.
- Se se evacúa o laboratorio, pechar as portas ao saír.

➤ NO CASO DE EVACUACIÓN:

- Manter a calma en todo momento, non berrar, non fomentar situacións alarmistas. Seguir as instrucións do responsable da práctica e do persoal dos equipos de emerxencia.
- Desconectar os equipos eléctricos e de calor.
- Non se entretén recollendo obxectos persoais e abandonar o edificio pola saída máis achegada a nós.

- Camiñar con rapidez pero sen correr, xa que unha caída pode obstaculizar o camiño de evacuación, e producir a aglomeración e a caída doutras persoas, con graves consecuencias.
- Axudar a evacuar as persoas con minusvalías que se atopen no laboratorio.
- Durante a evacuación non retroceder a buscar a outras persoas, nin obxectos persoais.
- Se hai fume, camiñar anicados e cubrir o nariz e a boca cun pano ou outro tipo de prenda.
- Abandonado o edificio, dirixirse á zona de reunión exterior, guiados polo persoal dos equipos de emerxencia, e comprobar posibles ausencias. Comunicalas ao persoal dos equipos de emerxencia.
- Non abandonar a zona de reunión ata se dar a orde. Esperar instrucións.

A actitude no laboratorio debe ser correcta, prevalecendo o bo xuízo e sentido común polo que queda totalmente prohibido gastar bromas, correr ou gritar.

O alumnado de primeiro curso do Ciclo abaixo asinante

DECLARA QUE:

- ❖ Entende os riscos que está sometido ao cursar o Ciclo
- ❖ Se compromete a ler detidamente e comprender as normas básicas de laboratorio.
- ❖ No caso de ter ou presentar no transcurso do desenvolvemento do ciclo unha alerxia, problemas respiratorios, sensibilidade/ hipersensibilidade química, ou calquera outra patoloxía que poida agravar os efectos tóxicos/ nocivos dun composto químico se RESPONSABILIZA de INFORMAR ao equipo docente do ciclo.
- ❖ No caso de ter **diagnosticada** unha/ ou **unha POSIBLE** alerxia, sensibilidade/ hipersensibilidade química, ou calquera outra patoloxía que poida agravar os efectos tóxicos/ nocivos dun composto químico, se RESPONSABILIZA, se decide continuar asistindo ás prácticas, dos posibles efectos prexudiciais para a súa saúde.

E para que así conste asina a presente:

ALUMNADO CURSO 25/26	DNI	SINATURA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

CIFP Manuel Antonio
Estrada Vella de Madrid
36214 Vigo, Pontevedra
886120750
cifp.manuel.antonio@edu.xunta.es



Centros
Integrados
Formación Profesional

En.....Vigo....., a.....de.....de 20...